

ANTISERI, Dario: *Cómo se razona en filosofía. Por qué y cómo enseñar historia de la filosofía*, trad. cast. Juan Marcos de la Fuente, Unión Editorial, Madrid, 2013, 197p.

Este libro, de título atractivo e actual, é un compendio razoado das teses e conclusións ás que Dario Antiseri foi chegando tras unha longa experiencia como filósofo, docente, escritor e historiador da filosofía. As informacións coas que agasalla ao lector preséntanse desde un enfoque pouco habitual e nunha escrita na que grazas á claridade expositiva e síntese reflexiva (sobre todo na Introducción e Primeira parte) poden espertar no lector interesado (filósofo ou filósofa docente) unha serie de meditacións útiles.

Na Introducción, “Por qué y cómo enseñar historia de la filosofía”, Antiseri afirma que a filosofía existe, é real, porque a existencia de problemas filosóficos é un dato irreductible e obstinado. As teorías filosóficas poden enfocarse como respostas a estes problemas. Deste xeito a historia da filosofía pode verse como a historia da aparición de problemas filosóficos, historia dos intentos teóricos de solución de tales problemas, e historia de disputas e argumentacións filosóficas. Se hai algo perenne en filosofía non son as solucións senón os problemas e ideas. Son o máis real que existe no mundo, segundo o ditame, por exemplo de Albert Einstein. Antiseri pregúntase: como é posible un control racional de ideas tan importantes e decisivas como as filosóficas sobre todo cando se transmiten aos mozos e mozas, e poden causar efectos (non só dentro do propio do coñecemento senón, sobre todo, no ámbito social)? Para responder a este interrogante, Antiseri recorre ao refutacionismo de Popper.

As teorías científicas son controlables mediante a apelación aos feitos. Na investigación científica acéptase, se existe, a teoría que, en comparación

---

Recibido: 13/09/2014. Aceptado: 22/09/2014.

con hipóteses alternativas, resistiu ou resiste os controis máis rigorosos. Porén, este procedemento non é posible en filosofía. As teorías científicas son factualmente falsificables, mais as teorías son filosóficas porque factualmente non son falsificables. Se o foran, serían científicas, non filosóficas. Segundo Antiseri isto non é sinónimo de que a racionalidade sexa un atributo predicable exclusivamente das teorías científicas. Existe a racionalidade das teorías filosóficas e, tamén, segundo a época, un procedemento de control e selección da teoría filosófica mellor consolidada entre as propostas dispoñibles. A aposta persoal de Antiseri é explícita desde o comezo: o racionalismo crítico baseado nas reflexións e propostas de Karl Popper, Joseph Agassi, John Watkins e, sobre todo, William Bartley. A idea forza é que “racional” e “crítico” son nocións idénticas (ou polos menos que se identifican) e que, polo tanto, a falsibilidade das teorías científicas só é un “caso” dunha racionalidade máis ampla. Tanto a investigación científica como a filosófica non teñen fin. O núcleo da tese é sinxelo: as teorías científicas son racionais se son controlables a través do recurso aos feitos, as filosóficas se son criticables.

A teoría metafilosófica na que se sostén que as teorías filosóficas son racionais se son criticables (na seguridade de que ás veces pode haber, dados como consolidados, presupostos e teorías filosóficas racionalmente indecibibles), dá conta da *disputatio* sen fin que mostra a historia da filosofía, onde a partir de teorías consideradas e aceptadas como válidas e verdadeiras, ás veces pensouse en rexeitar outras teorías incompatibles coa teoría aceptada como válida. Esta teoría metafilosófica pódese transformar, por exemplo, nun criterio heurístico moi fecundo para a redacción dunha historia científica das teorías filosóficas. Un criterio que impón dar resposta a preguntas como: cal é o problema que afronta este filósofo?; corrixiu ou modificou as súas ideas ao longo da súa actividade especulativa?; mediante que argumentos críticos considerou que tiña que rexeitar teorías alternativas?; como se introduciu na herdanza cultural deixada polos pensadores que o precederon e no seu propio contexto?; cales son os posibles problemas que deixou sen resolver? A resposta documentada a estas preguntas é o camiño máis rápido para construír unha historia das ideas filosóficas obxectiva, filolóxica e puntualmente controlable.

Tamén desde este punto de vista poden obterse consellos útiles sobre como ler un texto de filosofía. Segundo Antiseri, só definindo con claridade o problema afrontado polo filósofo ou filósofa, estarase nas mellores condicións para comprender a solución que propón, os argumentos que even-

tualmente foron elaborados para apoiara e as consideracións que deberían invalidar as teorías competidoras do pasado e, tamén, actuais. Sen preguntas non hai respostas e intentar asegurar unha resposta sen antes comprender a pregunta é un absurdo teórico (levado, con frecuencia, á práctica didáctica na que se pretende dos estudantes a comprensión do sentido dunha fórmula matemática, unha teoría física ou biolóxica, unha lei económica, unha norma xurídica ou unha teoría filosófica, sen ter feito nada para axudalos a ver o problema e as controversias que conduciron á aquela fórmula resolutoria, lei física, norma xurídica, regra económica, filosofema).

No enfoque de Antiseri, un problema non é un exercicio de aula: é unha pregunta que esixe creatividade, disputa, definición e eliminación de erros. Un problema desencadea a busca. Un exercicio, porén, é a aplicación do resultado de investigacións xa realizadas. A práctica dos exercicios non apoia nin erros nin discusións. Despois de corenta e cinco anos de ensinanza de materias filosóficas, de reunións con profesores e estudantes, Dario Antiseri ten claros algúns principios (didácticos) básicos e o comezo (do ensino) da filosofía: non se deben dar respostas (teorías filosóficas) se antes non se fan ben as preguntas (formulación de problemas); non se comprende unha resposta (o valor, sentido dunha teoría filosófica) se non se consegue ver o problema (do tipo que sexa) que provocou esa resposta; o primeiro paso na ensinanza da filosofía pode e debe consistir na exploración das opinións e problemas que se axitan nas mentes dos estudantes; o fundamento dunha sociedade aberta (no sentido de Popper) é unha cidadanía educada filosoficamente (mentes críticas, capaces de pensar, argumentar, non enganadores nin enganados); ensinar filosofía é dar ler ao principiante as obras dos grandes filósofos e filósofas para que ante el se abra un mundo novo de abstraccións sorprendentemente sutís e amplas, a nivel extremadamente elevado e arduo; o método correcto para afrontar os problemas filosóficos é non ignorar o que pensan os demais, ou que pensaron no pasado, a propósito dun problema dado, para non matar dun xeito fatal a progresividade da discusión racional.

Despois destes interesantes prolegómenos, Antiseri dá comezo á primeira parte do libro “La lógica del razonamiento filosófico” que desprega en tres capítulos. O primeiro “¿Son racionales sólo las teorías científicas o lo son también las filosóficas?”, trata diversos temas: a especificidade dos problemas filosóficos como problemas non redutibles a problemas científicos ou problemas histórico-sociais; a significatividade das teorías filosóficas; a criticabilidade de teorías filosóficas factualmente infalsificables e, polo

tanto, a extensión da racionalidade a estas teorías, coa consecuencia de que a racionalidade das teorías científicas, é dicir, a súa controlabilidade, ou fasificabilidade empírica, é un caso dunha racionalidade máis ampla. O segundo capítulo, “Cómo orientarse en la tierra de nadie entre el imperio de las verdades analíticas y el imperio de los enunciados sintéticos”, analiza e desenvolve polo miúdo os temas do primeiro capítulo a través das reflexións de filósofos como J. Agassi, J. Watkins e W. Bartley, que, en varios escritos, buscan criterios racionais para orientarse no ámbito das teorías filosóficas que está entre o imperio das verdades analíticas e o dos enunciados científicos. O terceiro, “¿Por qué fue precisamente en Jonia, con los Presocráticos, donde se inició la historia del pensamiento filosófico?”, intenta responder por que, e en que sentido, se fixa tradicionalmente o comezo da filosofía occidental na especulación dos presocráticos (segundo as pegadas de historiadores do pensamento antigo como M. Rostovzev, K. Polanyi, M. Pohlenz, G. S. Kirk, J. Burnet).

A segunda parte do libro, “Teorías filosóficas criticables y criticadas”, céntrase en varias exemplificacións de argumentacións filosóficas de teorías filosóficas. Está estruturada en tres capítulos de corte crítico: “La metafísica ante el tribunal del «principio de verificación»” (crítica dos neopositivistas vieneses ás teorías metafísicas contempladas desde o principio de verificación como cúmulo de sensentidos, e o sucesivo socavamento do principio de verificación a base de consideracións de carácter lóxico e de análise da linguaxe); “El método de la hermenéutica ¿es realmente distinto del de la física?” (crítica do dualismo metodolóxico que defende a existencia dun duplo método: o das ciencias físico-naturais, distinto do que se aplica ás disciplinas humanísticas e, con máis amplitude, nas ciencias histórico-sociais –coa conseguinte e motivada proposta filosófica dunha teoría unificada do método); “Teorías filosóficas entre uso y abuso de la razón” (crítica, a partir da aparición de consecuencias non intencionadas, das pretensións do racionalista “construtivista” que sostén que *todos* os acontecementos histórico-sociais e *todas* as institucións humanas son froito de plans proxectados, devecidos e executados –ligada a esta crítica está a idea da teoría conspiratoria da sociedade que continuamente reaparece e é motivo de sufrimentos). Nesta segunda parte do libro hai un motivo recorrente: Antiseri defende que o uso do razoamento acontece tanto na ciencia como na filosofía. Indistintamente.

O conxunto destas reflexións de Antiseri teñen a calidade de revelar o íntimo vínculo que existe entre filosofía, argumentación, verdade e demo-

cracia. Un vínculo que se materializa no ensino da historia da filosofía realizado por filósofos e filósofas cun alto grao de compromiso docente (co progreso cognitivo e moral dos discentes) e filosófico (coa transmisión veraz dos textos, a salvagarda hermenéutica da tradición filosófica e a súa constante revisión crítica).

Miguel Ángel Martínez Quintanar